

RADIO RELÓ *de* TAPIA

107.1 FM *A radio da casa*

↓ María José García

Tapia é sito al xeito pra que salian emisoras de televisión y de radio. Ademáis d'acoyer as instalacións de Teleoccidente, tamén el Instituto ten úa televisión. Das dúas xa nos falaron nas páxinas d'ENTRAMBASUGUAS. Agora tócase a Radio Reló que, da mao de María y de Nieves ta fendo a súa programación, como xa demos noticia nel sou momento, na nosa fala. Quedaran de mao apurrida pra escribirnos daqué y, al cabo, aquí ta el que nos cuntan.

A emisora de radio que temos en Tapia nacéu xa hai dez anos, anque einda haxa xente que nun la conoza: Nacéu da ilusión d'un home qu'einda sigue al pé del cañón: tamos falando de Severino Braña, el reloxeiro de Tapia. Despós a radio pasóu a ser úa emisora municipal, quere decir, úa emisora al servicio de todos os vecíos y vecías del conceyo.

Con todo el agayo foron levantándola rapaces como Miguel Ángel ou Tomás —entre outros que nosoutras nun tivemos a sorte de conocer xa que marcharon estudar fora—. Nos empezos, Severino poñía toda aquela música d'anos atrás y informaba de todo el que taba relacionao cuas noticias del conceyo. Amañóu un estudio na súa reloxeiría y dende alí emitía todos os días, hasta os domingos.

Más tarde, os rapaces dos que falábamos antes amañaron de fer unhos estudios na parte de riba da Casa del Conceyo, qu'é unde tamos agora nosoutras. Salíu entoncias el idea de recordar a historia de Tapia y da súa xente. Os sábados pola tarde, despós de xantar, tíamos a compañía d'Esteban Nogueiro y de Diego Fernández col programa *Un feixe de cousas*, y el más curioso pra muita xente era cómo falaban, quere decir, qu'el programa taba feito na nosa fala, y eso fía qu'os que taban ouguindo se sintiran einda más identificaos con todo el qu'alí se cuntaba.

Un día, con outros dous amigos más, Nieves y Carlos, deunos por fer un programa os sábados na sobremesa. D'este xeito nacéu *El cafetín*. Como é sabido, era toda unha aventura porque despós dos anos

precatámonos de que nun é tan fácil sentarse delante d'un micrófono y decir el primeiro que se che vén á cabeza. *El cafetín* era un espacio d'entretemento unde cuntábamos muitas cousas, falábamos de música, de cine, dábamos trucos, recetas, faíamos concursos... Tamén regalábamos el que podíamos porque naquel tempo —hai xa como seis anos— nun tíamos ningún tipo d'ingreso y era más ben gasto, pero fiamolo con muita ilusión, sobre todo condo chamaba a xente. Era entonces condo realmente éramos conscientes de qu'aquelo iba pra delante. Era abondo cua chamada d'un solo ouguinte pra decir "merece a pena tar aquí, tamos fendo qu'algúen pase un bon pedazo con nosoutras".

Siguimos nesa linia un tempo pero, como todo, acabóuse porque Carlos foise trabayar lonxe y Nieves marchóu estudar fora. Quedéi namás eu pero parecíame que sin os outros al programa faltábaye alegría. Más ou menos houbo un ano d'ausencia anque, eso si, gracias a Severino Braña, a radio seguía emitindo.

Un día deume por volver y coyer a emisión outra vez. Acordábame da compañía que nos faíamos unhos a os outros: falo de min y da xente qu'ouguía a radio. Eu, a lo menos, botábalos en falta. Escribíu un guionín pensando en cómo podería acompañalos tando eu namás, pero foi mui fácil. Empecéi con un programa diario

de tres a cuatro da tarde que se chamaba *Diyo con unba canción*. Era mui simple: tentaba de ter na emisora toda a música que s'ouguía d'actualidá y qu'a xente pudese decir el que sintía a través da música, felicitar un cumpreanos, dicirye á muyer ou al home el muíto que la quería, etc. Y resultóu muito ben. A



María na sala de control



Nieves al micro nel estudio das entrevistas

xente chamaba todos os días y empezamos a ser cómplices unhos d'outros: al cabo, unha gran familia.

Despós d'un tempo Nives veuse pra Tapia y volvéu trabayar comigo pra tentar de qu'a emisora nun deixara de funcionar. Dende entonces tamos aquí. Agora é como se fose parte da nosa vida.

A programación foi medrando cada día más y eso axudaba a qu'a nosa ilusión por tar alí tamén medrase. Empezamos as mañás con Severino, qu' é el que nos dá os bus días. Despós das noticias das once, empezamos con un programa nel que coye todo el que poda pasar na zona y hasta na marina de Lugo. Por eso se chama *El montón*. Ben veces pásamos noticias por alto porque nun hai naide que nolas recorde.

Más tarde temos úa sección de cocía que xa é un clásico na programación. Queremos fer d'esto un homenaxe ás muyeres del occidente, ás nosas abolas que tan felices nos fixeron cuas súas recetas. Femos cadaldía úa chamada de teléfono a bulto a unha casa particular y falámos col ama da casa que nos dice qué ta fendo de xanta. Rímonos muito y pasan –pasamos– un bocadín mui agradable. Os venres, entre todas as chamadas, femos un sorteo y regalámos un lote de productos que nos dá úa empresa de conxelaos de Tapia. Tamén recordamos historias pasadas y temos entrevistas con personaxes destacaos da zona.

De tarde entra Nieves cua miyor música d'actualidá, música pra todo tipo de xente. Todo hai que dicilo: nun temos qu'envidiar a outras cadías más grandes.

El que más temos que destacar dende que tamos aquí é qu'a xente creu en nosoutras a pesar, muitas veces, da precariedá da emisión. Tamén pensamos qu'era búa idea reivindicar qu'a nosa fala s'escuitase, qu'a xente cayera na conta de qu' é un orgullo el poder falala núa emisora de radio.

A colaboración del Conceyo, col sou alcalde D. Gervasio Acevedo á cabeza, foi sempre a miyor. Gracias ás súas xestións logramos este ano y el anterior úa búa subvención da Consejería de Cultura del Principao por emitir a nosa programación en gallego-asturiano. Pra nosoutras foi como el agradecemento por un labor de muito tempo y de muitos esforzos, sin ter muitos conocimientos técnicos pero simple-

PROGRAMACIÓN

(de lúis a venres y os sábados de tarde)

EL MONTÓN

• 10.00-10.30: EL ALMORZO

Noticias da localidá y del conceyo, bolsa de trabayo, cursos, etc.

• 10.30-11.00: RECETAS DE COCÍA DA NOSA TERRA
Recetas, a compra y chamadas en directo ás amas de casa.

• 11.00-11.30: ENTREVISTA COL PERSONAXE DEL DÍA

• 11.30-12.00: HISTORIA DE TAPIA

A historia del conceyo, os sous lugares, as súas casas, a fala, etc.

• 12.00-12.30: CONCURSO DE DITOS Y REFRÁIS

Espacio con regalos a quen chame pra completar el empezo d'un refrán.

• 12.30-13.00: CONTOS PRA NENOS

En vacacións y sábados, pra qu'os nenos y nenas podan participar con cancións, cousilias, ditos, etc.

• 13.00-15.00: MÚSICA PRA XENTE MAYOR

Habaneras, cántigas d'Asturias y música d'hai ben anos.

• 15.00-16.00: DIYO CON ÚA CANCIÓN

Música pidida polos ouguintes: mensaxes d'amor, de felicitación, etc.

• 16.00-18.00: MÚSICA D'ACTUALIDÁ

Toda a música que ta nas listas da radio fórmula.

• 18.00-20.00: MÚSICA NEL RECORDO. DESPIDIDA Y PECHE.



mente querendo y crendo núa idea que se vía como imposible. Con esos cuartos vamos anovando a música que poñemos todos os días y temos a emisora con un bon equipo informático pra tentar de qu'as instalacións señan as miyores pra que tamén a programación gane en calidá.

Queremos brindar dende estas páxinas a toda a xente que quira asomarse á nosa emisora, que lo faga condo quira. Tamos nel piso de riba da Casa del Conceyo de 11 a 7 pra cualquera cousa. Aquí pódese mandar información y hasta fer un programa, se alguén se sinte capaz, porque nosoutras ímosye axudar encantadas.

Nun podemos acabar estas notas sin reconocer a obrigación ás muitas personas que colaboran con nosoutras: Principao, Conceyos, casas comerciais que tein aquí un sito prá súa publicidá... Nun queremos que nos esqueiza naide pero a os que más temos que dar as gracias é a esas personas, amigos, familias, ouguintes que tán ei día a día y que, sin elos, esto iba ser imposible. Seguimos y imos seguir hasta que voşotros dígedes basta. Un saludo de María y de Nieves y, xa sabedes, tamos nel 107.1 FM, en Occidente. Hasta outra. 